

## POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIO AMBIENTE

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, asesoramento e colaboración cos Poderes Públicos, especialmente da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da Consellería da Xunta de Galicia con competencias en minaría. Para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A Cámara ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses Xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de Servizos aos seus socios.

A Xunta Directiva da COMG, consciente da importancia da **Satisfacción** da Sociedade Galega e das necesidades dos seus socios e colaboradores, define nesta política os Principios Xerais de compromiso en materia de Calidade, Sustentabilidade e Medio Ambiente que deben rexer a súa actividade en representación da Industria Mineira, a súas plantillas e colaboradores. Esta declaración obriga á COMG, traballadores e colaboradores, a aplicar os principios de **Mellora Continua** e de **Economía Circular** en todas as súas accións, no ámbito da Calidade e da Xestión Ambiental, adaptándose ás necesidades cambiantes dos seus socios y compatible co desenvolvemento sostible.

A Política da COMG baséase en asegurar que todos os Servizos que presta aos seus socios cumpran os requisitos esixidos, así coma aqueles que a organización decida asumir voluntariamente, e os aspectos ambientais asociados tratando de cubrir todas e cada unha das necesidades. Por iso, ademais de promover unha relación de proximidade e compromiso co socio, o noso obxectivo principal é promover ao máximo o control e seguimento de todos os procesos co fin de conseguir un servizo de calidade, sostible e respetando o medio ambiente.

Establécense métodos, procedimentos e sistemáticas de traballo de acordo ao Sistema de Xestión Integrado de Calidade, Medio Ambiente da Cámara segundo os requisitos que se derivan das normas UNE-EN ISO 9001:2015; UNE-EN ISO 14001:2015, baseado na xestión por procesos, enfocado cara o conxunto de membros/sociedade, que garantan:

- ✓ A Calidade dos nosos Servizos
- ✓ Unha Xestión Interna Áxil, Homoxénea y Eficaz
- ✓ A Satisfacción dos nosos membros cumprindo as súas expectativas.
- ✓ Transparencia e veracidade na información con toda as partes interesadas.
- ✓ O cumprimento dos requisitos legais aplicables, e outros compromisos suscritos.
- ✓ Mellorar a eficiencia dos nosos procesos e velar polo uso racional dos recursos naturais, prever e controlar aspectos ambientais, minimizando os impactos negativos sobre o medio que se deriven.

Procédese á **Mellora Continua** da COMG en canto a:

- ✓ Promover un **Crecemento Sostible**, coa incorporación de medidas de integración, asegurando a calidade, e promovendo valor económico-social con respecto ao Medio Ambiente
- ✓ Eficiencia na xestión da información.
- ✓ Fiabilidade nas actividades, eventos, formación, declaracións e informes emitidos.
- ✓ Prestixio: Confianza, Sustentabilidade, Responsabilidade Social, Igualdade, compromiso coa contorna.
- ✓ Desempeño mediante o uso de indicadores Ambientais e de Calidade.

Promóvese o desenvolvemento da Actividade Mineira de maneira eficiente, coa Calidade e o respecto ambiental como elemento diferenciador interiorizando os principios da **Minaría Sostible**.

Foméntase a responsabilidade da plantilla, colaboradores e dos membros da COMG en relación á Calidade, Sustentabilidade, Responsabilidade Social e Seguridade de bens e persoas, fomentando o seu **desenvolvemento formativo**.

Identifícanse, evalúanse e contrólanse todos os riscos ambientais, sociais e económicos de nosa actividade.

A Coruña, 16 de Xaneiro de 2024



O Presidente  
Juan José López Muñoz